

Información e inscrición: *Cacumen Lugo, S.L.U.*, r/ Concepción Areal, 18-1º. 27004 Lugo, teléfono: 982 24 39 44, fax: 982 28 41 61, correo electrónico: [cacumen@cacumenlugo.com](mailto:cacumen@cacumenlugo.com).

Criterio de selección: por rigorosa orde de solicitude.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 13 de xaneiro de 2010 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) para os días 18 e 19 de xaneiro de 2010 no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.*

O artigo 28.2º da Constitución española reconece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ao mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116, do 20 de xuño), entre os cales se atopan a asistencia social e educación.

O servizo público da asistencia social e educación non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros ou conselleiras competentes por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que terá lugar o día 18 de xaneiro de 2010 desde as 22.00 horas ata as 22.00 horas do 19 de xaneiro de 2010, que afectará o persoal que presta os seus servizos no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, outorgada audiencia ao comité de folga,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

A convocatoria de folga realizada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, deberá

entenderse condicionada ao mantemento dos servizos mínimos, segundo os criterios que se dispoñen nesta orde.

A folga abrangue toda a xornada laboral e afecta todas as quendas e todos os centros de traballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Por tanto, os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a axeitada cobertura do servizo esencial de asistencia social e educación, para os efectos de evitar que se produzan graves prexuízos.

Con eses mínimos trátase de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga coa prestación de servizos de asistencia social e educación, que baixo ningún concepto poden quedar desasistidos polas propias características do servizo dispensado, xa que un aprazamento na súa prestación pode supoñer graves prexuízos; por iso mantéñense uns servizos mínimos que se consideran necesarios para garantir un funcionamento mínimo tanto dos servizos de asistencia social como de educación.

Tendo en conta a súa duración, co obxecto de evitar posibles prexuízos, para a determinación e mantemento durante a folga dos servizos mínimos establécese como base para a súa determinación a garantía dun funcionamento mínimo dos centros, dadas as características dos usuarios/as dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nas escolas infantís, nos centros de atención ás persoas maiores e nas oficinas. Os centros teñen que permanecer abertos e debe garantirse, en todo caso, que quen acuda a eles teña cuberta a parte esencial do servizo. Ademais, hai un tramo educativo no horario das escolas infantís e unha atención sociosanitaria nos centros de atención ás persoas maiores e isto supón que, tanto uns como outros, permanezan abertos cando menos co persoal imprescindible para garantir a parte mínima do labor cotián que se desenvolve nos ditos centros.

#### Artigo 2º

A determinación dos/as profesionais necesarios deberá estar adecuadamente motivada. A xustificación debe constar no expediente de determinación de mínimos dos centros e debe exteriorizarse adecuadamente para xeral coñecemento dos/as destinatarios/as. Deberá quedar constancia nel dos factores ou criterios cuxa ponderación conduce a determinar as prestacións mínimas. Os/as profesionais necesarios para a cobertura dos servizos mínimos deberán ser publicados nos taboleiros de anuncios dos centros, con antelación suficiente ao comezo da folga.

Con tales premisas, no anexo desta resolución recóllese o número de efectivos de servizos mínimos para cubrir as xornadas de folga.

#### Artigo 3º

A designación nominal, que deberá recaer nos/as profesionais de xeito rotatorio, será determinada

polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e notificada aos profesionais designados de xeito nominal. O persoal designado como servizo mínimo que desexe exercer o seu dereito de folga, poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de xeito expreso.

#### Artigo 4º

Os paros e as alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos determinados no anexo e expostos nos taboleiros de anuncios do centro, serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

#### Artigo 5º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

#### Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2010

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

#### ANEXO

Área de benestar.

-Servizo centrais: 3 persoas, 1 por cada servizo (xerontoloxía, xantar na casa, inclusión).

-Centros residenciais: o persoal para a prestación do servizo equiparado a un domingo ou festividade.

-Centros de día: 1 traballador/a por cada 10 usuarios/as, cubrindo o acompañamento de transporte.

Oficina I+B: 1 traballador/a por oficina.

Escolas infantís.

-Servizos centrais: 1 técnico, 1 auxiliar administrativo.

-Escolas infantís: 1 persoa de atención directa por cada unidade aberta.

CEMVI: 1 persoa por quenda.

Servizos técnicos e de administración xeral:

-Rexistro: 1 traballador/a.

-Departamento xurídico: 1 técnico.

-Departamento de persoal: 1 técnico e 2 auxiliares.

-Departamento de contratación: 1 técnico.

Centros Quérote: 1 traballador/a por oficina.

### ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*Resolución do 5 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Academia Galega de Seguridade Pública que non foron publicitados no seu momento.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño) impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos pola Academia Galega de Seguridade Pública no ano 2009 que non foron publicitados no seu momento, que se incorporan como anexo a esta resolución.

A Estrada, 5 de xaneiro de 2010.

José Carlos García Bouzas  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

#### ANEXO

#### Convenios de colaboración subscritos pola Academia Galega de Seguridade Pública que non foron publicitados no seu momento

Asinantes	Obxecto	Data da sinatura	Achega total da AGASP	Anualidade 2009
Academia Galega de Seguridade Pública e Deputación Provincial da Coruña	Formación dos membros dos corpos da policía local e bombeiros dos concellos da provincia da Coruña	26-2-2009	7.500	7.500
Academia Galega de Seguridade Pública e Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra	Formación dos policías portuarios dependentes da autoridade portuaria asinante	17-3-2009	Sen obriga económica	
Academia Galega de Seguridade Pública e Autoridade Portuaria de Ferrol	Formación dos policías portuarios dependentes da autoridade portuaria asinante	17-3-2009	Sen obriga económica	